



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CON10I0MZ	Expediente CON/11/2016	



## ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Prestación do servizo para desbroce, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viario, carreiros fluviais e parcelas municipais do termino municipal de Santiago de Compostela (2016).

**TIPO DE LICITACIÓN:** 181.818,18 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, 30 de xuño de 2016, ás 10:00 horas.

### **ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Rafael Peña Vidal.

**Vocales:** D. Branca Novo, representante do grupo CA.  
D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.  
D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.  
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.  
D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro municipal de camiños.  
Dña. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.  
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

### **OFERTAS PRESENTADAS:**

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	20/06/2016	29.894	ALCOMTE GALICIA, SL
2	21/06/2016	30.156	ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L.
3	21/06/2016	30.161	OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL
4	22/06/2016	30.554	F. GOMEZ Y CIA, SL (*)
5	22/06/2016	30.760	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR S.L.(*)
6	27/06/2016	31.072	SEANTO SL(*)

*\*Proposición recibida por correo*

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.

A continuación a Mesa de Contratación procede á apertura pública dos sobres que conteñen os criterios de adxudicación NON avaliados mediante cifras ou porcentaxes dos licitadores admitidos resultando que a empresa SEANTO SL non presenta debidamente asinada a súa documentación, polo que a mesa a corda a súa exclusión da licitación, de acordo co recollido no prego de cláusulas administrativas de aplicación, que no seu apartado 13.3. dispón:

*"Así mesmo, será motivo de **exclusión** da licitación, o feito de que a documentación incluída neste sobre non esté subscrita na súa totalidade polo licitador, ou non vaia acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. Esta deficiencia unicamente poderá ser subsana coa presenza do apoderado da empresa no acto público de apertura deste sobre".*



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON10I0MZ	<i>Expediente</i> CON/11/2016	

15078DCON10I0MZ\



A mesa acorda o traslado da documentación dos dous licitadores admitidos ós técnicos municipais ós efectos de realizar o informe valorativo e os cálculos das puntuacións correspondentes sobre os devanditos criterios NON avaliábeis mediante cifras.

Ás 10:15 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
O PRESIDENTE DA MESA**



**O SECRETARIO DA MESA**



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CON10I0MZ	Expediente CON/11/2016	

15078DCON10I0MZ\



## ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Prestación do servizo para desbroce, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viario, carreiros fluviais e parcelas municipais do termino municipal de Santiago de Compostela (2016).

**TIPO DE LICITACIÓN:** 181.818,18 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 12/07/2016, ás 9 horas.

### **ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Rafael Peña Vidal.

**Vocais:**

- D. Manuel Dios representante do grupo CA.
- D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
- D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.
- D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal.
- Dna. Ana Gago Fernández, Viceinterventora municipal.
- D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asiste unha representante da Federación Gallega de la Construcción

A Mesa de Contratación procede ó exame do informe valorativo realizado polos técnicos municipais sobre os criterios de adjudicación NON avaliados mediante cifras ou porcentaxes no que se da conta das puntuacións acadadas por cada licitador e se poñen de manifesto ós presentes na reunión. Este informe acompáñase á presente acta e da puntuación total nel recollida dase traslado público ós asistentes.

A continuación procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adjudicación avaliados mediante cifras dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	Baixa aplicada
1	ALCOMTE GALICIA, SL	30,00 %
2	ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L.	23,00 %
3	OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL	22,50 %
4	F. GOMEZ Y CIA, SL (*)	20,96 %
5	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR S.L. (*)	28,51 %

Rematada a lectura das ofertas, e sen necesidade de emitir informe, o enxeñeiro municipal presenta na mesa, aprecia cun sencillo cálculo que a oferta da empresa ALCOMTE GALICIA SL atópase en situación de baixa anormal ou desproporcionada, por un porcentaxe mínimo do 0'01 %.

Ábrese entón un debate proposto polo director da asesoría xurídica sobre si un "incumprimento" de tan pouca entidade, fruto dun redondeo de decimais, non podería ser dispensado, admitíndose a oferta sen máis trámite.

Sen embargo, e respetando por suposto o seu posicionamento xurídico, os restantes membros da mesa consideran máis procedente atender á literalidade da redacción do prego, que fixa en cinco unidades porcentuais exactas por debaixo da media das ofertas os supostos nos que unha empresa atopárase nesta situación.



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON10I0MZ	<i>Expediente</i> CON/11/2016	

15078DCON10I0MZ



Polo tanto acórdase solicitar a ALCOMTE GALICIA que aporte a documentación xustificativa das condicións económicas da súa oferta, que será inmediatamente remitida ós técnicos municipais para a emisión do subseguinte informe.

Ás 9:20 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
O PRESIDENTE DA MESA**



**O SECRETARIO DA MESA**

**Expediente:** *Prestación do servizo para desbroce, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viario, carreiros fluviais e parcelas municipais do término municipal de Santiago de Compostela (2016)*

**Asunto:** *Valoración dos criterios de adxudicación non avaliábles mediante cifras ou porcentaxes (sobre nº 2)*

## INFORME TÉCNICO

### Obxecto

Redáctase o presente informe técnico en relación á valoración dos criterios de adxudicación non avaliábles mediante cifras ou porcentaxes (sobre nº 2) do procedemento de contratación para a ***“Prestación do servizo para desbroce, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viario, carreiros fluviais e parcelas municipais do término municipal de Santiago de Compostela (2016)”***, de acordo co seu Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP), co seu Prego de Prescricións Técnicas Particulares (PPTP) e coa documentación do expediente de referencia CON/11/2016.

### Apertura sobre nº 2

Con data 30/06/2015 celebrouse a reunión da mesa de contratación para a apertura do sobre nº 2 dos licitadores admitidos ata dito momento. Trala análise formal da documentación presentada, a mesa de contratación acorda remitir para o seu informe técnico as ofertas dos seguintes licitadores:

Nº DE ORDE	PRESENTACIÓN		NOME DO LICITADOR	
	DATA	REXISTRO	COMPLETO	ABREVIADO
1	20/06/2016	29.894	ALCOMTE GALICIA, S.L.	ALCOMTE
2	21/06/2016	30.156	ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	ARINES
3	21/06/2016	30.161	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	OVIGA
4	22/06/2016	30.554	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	F. GÓMEZ
5	22/06/2016	30.760	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L.	MELCHOR

A oferta presentada por SEANTO, S.L. (nº 6) foi excluída pola mesa de contratación por non estar a documentación do sobre nº 2 subscrita o asinada segundo o establecido na cláusula 13.3.

Durante o proceso de análise da documentación remitida pola mesa de contratación non se detectaron incidencias que apuntar.

### Análise e proposta de valoración da documentación

De acordo co establecido na cláusula 10.3.2) do PCAP da licitación, procedeuse á análise e valoración da documentación do sobre nº 2 dos licitadores que non foron excluídos pola mesa de contratación.



Como anexos ao presente informe técnico, achéganse as seguintes tabulas:

- Análise técnico sobre nº 2 (cláusula 13.3) en relación cos criterios de adxudicación (cláusula 10.3.2): na mesma se expón os elementos mais significativos da documentación de cada licitador que determinaron a elección da puntuación de cada un dos criterios.
- Cálculo das experiencias en contratos da mesma natureza (cláusula 10.3.2.b) do Responsable de Conservación e Mantemento e do Encargado xeral de obras dos licitadores que acreditan as mesmas
- Puntuacións sobre nº 2 (cláusula 13.3) en relación cos criterios de adxudicación non avaliábeis en forma de cifras ou porcentaxes (cláusula 10.3.2)
  - Para os criterios do apartado a) “Medios materias” e do apartado c) “Execución dos traballos”, valorouse a documentación presentada polos licitadores en base 100 (de 0% a 100%) e posteriormente aplicando proporcionalmente a puntuación máxima prevista para cada criterio no PCAP.
  - Para os criterios do apartado b) “Medios persoais” determinouse o grado de cumprimento dos requisitos establecidos no PCAP para a determinación dos valores asignados.

Sinalar que conforme ao establecido no PCAP para este criterio, de non presentar a documentación acreditativa do equipo humano, valorarase o apartado con 0 puntos.

Doutra banda, se algún dos medios persoais ofertados non se corresponde cos requisitos establecidos no apartado 2.1 no anexo nº 3 do PPTP, valorarase con 0 puntos o correspondente medio persoal non axustado as especificacións.

Preséntase a continuación para a consideración da mesa de contratación, a proposta de valoración de cada licitador para cada un dos criterios de adxudicación non avaliábeis en forma de cifras ou porcentaxes (cláusula 10.3.2):

CRITERIOS	1 ALCOMTE	2 ARINES	3 OVIGA	4 F. GÓMEZ	5 MELCHOR
<i>2.a) Medios materiais</i>					
2.a.1) Maquinaria, equipos de traballo, medios técnicos, instalacións, etc.	7,13	3,00	6,75	5,25	0,00
2.a.2) Materiais a utilizar nas tarefas do contrato	6,75	1,50	6,00	2,25	0,00
<i>2.b) Medios persoais</i>					
2.b.1) Responsable Conservación e Mantemento					
· Titulación universitaria acorde co obxecto do contrato	2,00	2,00	1,00	2,00	0,00
· Formación xefe COEX	0,00	0,00	0,00	3,00	0,00
· Experiencia superior a 4 anos	0,00	0,00	1,50	1,50	0,00
2.b.2) Encargado xeral de obras					
· Grado dedicación ao contrato (parcial con prioridade ou exclusiva)	2,00	2,00	2,00	2,00	0,00
· Formación encargado COEX	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
· Experiencia (superior a 5 anos e máximo 20 anos)	1,00	0,00	1,10	1,90	0,00
2.b.3) Técnico PRL e responsable SeS					
· Formación técnico ou xefe COEX	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
<i>2.c) Execución dos traballos</i>					
2.c.1) Operacións do Grupo I e operacións non programables do Grupo II	7,13	0,38	6,00	2,25	0,00
2.c.2) Operacións programables do Grupo II	6,38	0,00	5,25	1,50	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>32,39</b>	<b>8,88</b>	<b>29,60</b>	<b>21,65</b>	<b>0,00</b>

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2016

O Enxeñeiro de Camiños municipal,

Asdo.: Miguel Fernández Solís





**ANÁLISE TÉCNICO SOBRE Nº 2 (cláusula 13.3) EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN (cláusula 10.3.2)**

DOCUMENTACIÓN SOBRE Nº 2	1-ALCOMTE
<b>2.a) Medios materiais</b>	
2.a.1) Maquinaria, equipos de traballo, medios técnicos, instalacións, etc.	Oferta o listado de maquinaria mínimo previsto no apartado 2.2 do anexo nº 3 do PPTP. Incrementa aproximadamente sobre o mínimo: completa elementos de seguridade, duplica desbrozadoras, triplica maquinaria movemento terras, duplica equipamento cuadrillas e incrementa vehículos para persoal. Define e describe 5 tipos de equipos de traballo segundo a tipoloxía de tarefas previstas no PPTP. Localización instalacións: Son de Abaixo (Santiago de Compostela). Tempos recorrido: ao Concello 15 minutos e máximo (límite Oroso-O Pino) 27 minutos. As instalacións operativas dispón de equipamento propio para atender o servizo e a maquinaria adscrita. Presenta fichas da maquinaria principal a adscribir. Presenta 4 cartas de compromiso de empresas de aluguer de maquinaria xeral, específica para o servizo e sinalización de obras.
2.a.2) Materiais a utilizar nas tarefas do contrato	Oferta almacenamento de diversos tipos de materiais (sinais verticais, tubos, pezas prefabricadas, tapas, áridos, geotextil, aglomerado en frío, madeira para encofrados e cemento) nas instalacións operativas. Presenta 9 cartas de compromiso de subministro de produtos bituminosos, áridos (2), prefabricados de formigón (2), formigóns, canalizacións, ferralla e sinalización.
<b>2.b) Medios persoais</b>	
<b>2.b.1) Responsable Conservación e Mantemento</b>	
· Titulación universitaria acorde co obxecto do contrato	Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos (G.S.)
· Formación xefe COEX	Non acredita formación COEX.
· Experiencia superior a 4 anos	Non acredita tempo de experiencia en prestación de servizos da mesma natureza ao obxecto do contrato.
<b>2.b.2) Encargado xeral de obras</b>	
· Grado dedicación ao contrato (parcial con prioridade ou exclusiva)	Dedicación exclusiva (E).
· Formación encargado COEX	Non acredita formación COEX.
· Experiencia (superior a 5 anos e máximo 20 anos)	Presenta 14 contratos da mesma natureza.
<b>2.b.3) Técnico PRL e responsable SeS</b>	
· Formación técnico ou xefe COEX	Non acredita formación técnico ou xefe COEX.
<b>2.c) Execución dos traballos</b>	
<b>2.c.1) Operacións do Grupo I e operacións non programables do Grupo II</b>	Presenta unha proposta de cronograma anual definido polas operacións previstas no PPTP. Describe as actuacións previas ao inicio do contrato coherentes coa tipoloxía do contrato de servizos e co previsto no PPTP. Presenta unha proposta dos requisitos previstos no PPTP de forma resumida e organizada de acordo co solicitado no criterio de valoración. Oferta reducir o tempo de resposta de atención a incidentes nun 50% e incorpora tempos de percorrido a distintas localizacións do término municipal. Establece un adecuado protocolo para a atención de incidentes de operacións de urxencia non programadas. Presenta modelos de partes de comunicacións, de incidencias e de inspeccións. Para as operacións non programables do Grupo II define equipos de traballo por tipoloxía de operación. Para as operacións non programables do Grupo II establece unha adecuada sistemática de operación e define as accións a executar para cada unha das previstas no PPTP.
<b>2.c.2) Operacións programables do Grupo II</b>	Presenta unha adecuada sistemática de traballo e organización das actuacións programables do Grupo II. Define e describe a composición dos equipos de traballo para cada tipoloxía de actuacións prevista no PPTP. Presenta proposta de procedemento de xestión de residuos e xestores autorizados pero sen cartas de compromiso. Presenta autorización como transportista de residuos non perigosos e perigosos.



DOCUMENTACIÓN SOBRE Nº 2	2-ARINES
<i>2.a) Medios materiais</i>	
2.a.1) Maquinaria, equipos de trabajo, medios técnicos, instalaciones, etc.	Oferta o listado de maquinaria mínimo previsto no apartado 2.2 do anexo nº 3 do PPTP. Presenta un listado amplo sen adscripción de maquinaria de movemento de terras e vehículos de persoal. Presenta as tarxetas de homologación da maquinaria principal adscrita ao contrato. Localización instalacións: Rúa da Brúa (Aríns-Santiago de Compostela). Tempos recorrido: ao Concello 20 minutos e máximo (límite Val do Dubra-Trazo) 36 minutos. Das instalacións só presenta as superficies principais.
2.a.2) Materiais a utilizar nas tarefas do contrato	Manifesta ter dispoñibilidade dun listado simple de materiais en acopio. Presenta 2 cartas de compromiso de subministro de materiais: formigóns e ferralla.
<i>2.b) Medios persoais</i>	
2.b.1) Responsable Conservación e Mantemento	
· Titulación universitaria acorde co obxecto do contrato	Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos (G.S.)
· Formación xefe COEX	Non acredita formación COEX.
· Experiencia superior a 4 anos	Non acredita tempo de experiencia en prestación de servizos da mesma natureza ao obxecto do contrato.
2.b.2) Encargado xeral de obras	
· Grado dedicación ao contrato (parcial con prioridade ou exclusiva)	Dedicación exclusiva (E).
· Formación encargado COEX	Non acredita formación COEX.
· Experiencia (superior a 5 anos e máximo 20 anos)	Non acredita tempo de experiencia en prestación de servizos da mesma natureza ao obxecto do contrato.
2.b.3) Técnico PRL e responsable SeS	
· Formación técnico ou xefe COEX	Non acredita formación técnico ou xefe COEX.
<i>2.c) Execución dos traballos</i>	
2.c.1) Operacións do Grupo I e operacións non programables do Grupo II	Non presenta documentación sobre as operacións do Grupo I. Presenta un protocolo moi somero (media páxina) para a resolución de actividades non programables.
2.c.2) Operacións programables do Grupo II	Presenta unha sistemática de operación moi somera (2 páxinas) para actividades dunha obra que non ten relación con obxecto do contrato de servizos.

DOCUMENTACIÓN SOBRE Nº 2	3-OVIGA
<i>2.a) Medios materiais</i>	
2.a.1) Maquinaria, equipos de trabajo, medios técnicos, instalaciones, etc.	Presenta un apartado 1.3 de documentación que non se require na presente licitación. Era un apartado da licitación do ano 2014. Oferta o listado de maquinaria mínimo previsto no apartado 2.2 do anexo nº 3 do PPTP. Incrementa aproximadamente sobre o mínimo: completa elementos de seguridade, duplica desbrozadoras, triplica maquinaria movemento terras e duplica equipamento cuadrillas. Define e describe 5 tipos de equipos de traballo segundo a tipoloxía de tarefas previstas no PPTP. Localización instalacións: polígono industrial de Sigüeiro (Oroso). Tempos recorrido: ao Concello 23 minutos e máximo (límite Val do Dubra-Trazo) 34 minutos. Equipamento informático específico COEX. Presenta fichas da maquinaria principal a adscribir. Presenta carta de compromiso de empresa de aluguer de maquinaria.
2.a.2) Materiais a utilizar nas tarefas do contrato	Oferta almacenamento de diversos tipos de materiais (sinais verticais, tubos, arquetas e pozos, áridos, cemento, geotextil, aglomerado en frío e madeira para encofrados) especificando cantidades acopiadas. Presenta 6 cartas de compromiso de subministro de áridos (2), prefabricados de formigón, pavimentos hidráulicos, canalizacións e sinalización. Presenta compromiso formal de adscripción coa documentación acreditativa.
<i>2.b) Medios persoais</i>	
2.b.1) Responsable Conservación e Mantemento	
· Titulación universitaria acorde co obxecto do contrato	Enxeñeiro Técnico en Construcións Cívicas (G.M.).
· Formación xefe COEX	Non acredita formación COEX.
· Experiencia superior a 4 anos	Non se consideran os contratos 1 e 2 (reforzo de firmes) por non ser da mesma natureza.
2.b.2) Encargado xeral de obras	
· Grado dedicación ao contrato (parcial con prioridade ou exclusiva)	Dedicación exclusiva (E).
· Formación encargado COEX	Non acredita formación COEX.
· Experiencia (superior a 5 anos e máximo 20 anos)	Non se consideran os contratos 4 e 4 (reforzo de firmes) por non ser da mesma natureza.
2.b.3) Técnico PRL e responsable SeS	
· Formación técnico ou xefe COEX	Non acredita formación técnico ou xefe COEX.
<i>2.c) Execución dos traballos</i>	
2.c.1) Operacións do Grupo I e operacións non programables do Grupo II	Presenta unha proposta de cronograma anual definido polas operacións previstas no PPTP. Presenta unha proposta dos requisitos previstos no PPTP de forma resumida e organizada de acordo co solicitado no criterio de valoración. Oferta reducir o tempo de resposta de atención a incidentes nun 50%. Presenta modelos de partes de comunicacións, de incidencias e de inspeccións. Oferta incrementar o número de recoñecementos periódicos de sinais e carteis nun 33%, de elementos de balizamento un 50% e de obras de terra, desaugadoiros e drenaxes nun 50%. Propón a utilización dun software específico para la axenda das estradas. Para as operacións non programables do Grupo II define equipos de traballo por tipoloxía de operación. Define e describe a composición dos equipos de traballo para cada tipoloxía de actuación prevista no PPTP. Para a programación dos traballos propón diversos partes de acordo aos requirimentos do PPTP. Na descrición global das actuacións mais principais transcribe a información do PPTP. Presenta proposta de procedemento de xestión de residuos e xestores autorizados pero sen cartas de compromiso.
2.c.2) Operacións programables do Grupo II	



DOCUMENTACIÓN SOBRE Nº 2	4-F. GÓMEZ
<i>2.a) Medios materiais</i>	
2.a.1) Maquinaria, equipos de traballo, medios técnicos, instalacións, etc.	Oferta o listado de maquinaria mínimo previsto no apartado 2.2 do anexo nº 3 do PPTP. Incrementa con 1 equipo específico para: formigonados, pavimentos de aglomerado en quente, sinalización vertical e equipos de elevación e transporte. Equipos de traballo: presenta un listado simple de maquinaria e persoal segundo os capítulos dos cadros de prezos do PPTP. Medios técnicos: a información presentada non ten relación con dito concepto nin co obxecto do contrato de servizos. Parque de maquinaria e taller: instalacións de Touro. Tempos recorrido: ao Concello 29 minutos e máximo (límite Val do Dubra-Trazo) 38 minutos.
2.a.2) Materiais a utilizar nas tarefas do contrato	Para o subministro de áridos e de mesturas bituminosas en quente oferta a súas propias plantas de produción. Do resto de materias ofertados, unicamente presenta a relación de empresas, pero non aporta garantías de subministro. Presenta cartas de compromiso de subministro de áridos (2), formigóns (2), produtos bituminosos, prefabricados de formigón, canalizacións, xeotextís, sinalización e barreiras, ferralla, encofrados, barreira prefabricadas, valados e alumeado. Presenta carta de compromiso de aluguer de maquinaria fora do seu apartado (cláusula 13.3 do PCAP). Presenta un listado moi somero de acopios fixos nas súas instalacións.
<i>2.b) Medios persoais</i>	
2.b.1) Responsable Conservación e Mantemento	Ofertas 2 cuadrillas suplementarias e asesoramento e defensa xurídica ante reclamacións patrimoniais.
· Titulación universitaria acorde co obxecto do contrato	Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos (G.S.)
· Formación xefe COEX	Acredita formación xefe COEX.
· Experiencia superior a 4 anos	Presenta 6 contratos da mesma natureza.
2.b.2) Encargado xeral de obras	
· Grado dedicación ao contrato (parcial con prioridade ou exclusiva)	Dedicación exclusiva (E).
· Formación encargado COEX	Non acredita formación COEX.
· Experiencia (superior a 5 anos e máximo 20 anos)	Presenta 6 contratos da mesma natureza.
2.b.3) Técnico PRL e responsable SeS	Non acredita ser T.P.R.L., non axustándose ao requirido na cláusula 6.1 das disposicións xerais do PPTP, e non pode considerarse o resto da súa documentación.
· Formación técnico ou xefe COEX	
<i>2.c) Execución dos traballos</i>	
2.c.1) Operacións do Grupo I e operacións non programables do Grupo II	Transcribe unicamente de forma moi resumida (5 páxinas) información contida no PPTP sen aportar información complementaria. Presenta unha proposta de cronograma anual definido polas operacións previstas no PPTP.
2.c.2) Operacións programables do Grupo II	Transcribe unicamente de forma moi resumida (2 páxinas) información contida no PPTP sen aportar información complementaria. Presenta unha proposta de cronograma anual definido polas operacións previstas no PPTP.

DOCUMENTACIÓN SOBRE Nº 2	5-MELCHOR
<i>2.a) Medios materiais</i>	
2.a.1) Maquinaria, equipos de traballo, medios técnicos, instalacións, etc.	Só presenta un listado moi somero (media páxina) con 4 medios materiais, sendo moi inferior aos requirimentos mínimos establecidos no PPTP.
2.a.2) Materiais a utilizar nas tarefas do contrato	Non presenta documentación.
<i>2.b) Medios persoais</i>	
2.b.1) Responsable Conservación e Mantemento	Presenta unha adscripción xenérica de medios persoais para un contrato de obras (xefe de obra, delegado de obra e encargados de obra e peóns). Non presenta documentación acreditativa das titulacións o das formacións requiridas. Non designa nominalmente ao Responsable de Conservación e Mantemento.
· Titulación universitaria acorde co obxecto do contrato	
· Formación xefe COEX	
· Experiencia superior a 4 anos	
2.b.2) Encargado xeral de obras	Non designa nominalmente ao encargado xeral de obras.
· Grado dedicación ao contrato (parcial con prioridade ou exclusiva)	
· Formación encargado COEX	
· Experiencia (superior a 5 anos e máximo 20 anos)	
2.b.3) Técnico PRL e responsable SeS	Non designa nominalmente ao Técnico PRL e responsable SeS.
· Formación técnico ou xefe COEX	
<i>2.c) Execución dos traballos</i>	
2.c.1) Operacións do Grupo I e operacións non programables do Grupo II	Só presenta unha descrición moi somera (media páxina) do obxecto do contrato, pero non ten en conta a maior parte das operacións previstas. Presenta un estudo climatolóxico da zona (6 páxinas) que non é requirido no PCAP e non é avaliable.
2.c.2) Operacións programables do Grupo II	Presenta unha descrición somera (3 páxinas) de actividades e medios persoais e materiais dunha obra: replanteo e limpeza e desbroce de terreos naturais para unha nova implantación.



**EXPERIENCIA EN CONTRATOS DA MESMA NATUREZA (cláusula 10.3.2.b)**

**2.b.1) Responsable Conservación e Mantemento**

3-OVIGA	Inicio	Fin	Tempo
Conservación Grupo 26: Ames, Santiago, Teo e Vedra (Deputación da Coruña)	22/08/2012	08/10/2013	412 días
Desbroce, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viario, carreiros fluviais e parcelas municipais no término municipal 2014 (Concello de Santiago de Compostela)	07/08/2014	06/08/2015	364 días
Conservación, mantemento e reparación de pavimentos en viais municipais no incluídos no ámbito da Cidade Histórica 2014 (Concello de Santiago de Compostela)	01/09/2014	10/03/2016	556 días
Limpeza e desbroce de pistas (Concello de Ordes)	12/03/2015	29/05/2015	78 días
Conservación Grupo 21: Ames, A Baña, Negreira e Val do Dubra (Deputación da Coruña)	03/07/2015	29/04/2016	301 días
Conservación Grupo 13: Boimorto, Frades, Mesía, Ordes, Oroso e Vilasantar (Deputación da Coruña)	06/07/2015	30/11/2015	147 días
			1.858 días
			5,09 anos

4-F. GÓMEZ	Tempo
Vialidade invernal e conservación ordinaria - Coruña norte (Axencia Galega de Infraestruturas)	1,00 anos
Conservación integral, vialidade invernal e rehabilitación de firmes na provincia da Coruña (CPTOPT)	5,00 anos
Reparación urxente de danos estradas provinciais: zona A-1 (Deputación da Coruña)	2,00 anos
Reparación urxente de danos estradas provinciais: zona A-2 (Deputación da Coruña)	2,00 anos
Reparación urxente de danos estradas provinciais: zona B-2 (Deputación da Coruña)	2,00 anos
Reparación urxente de danos estradas provinciais: zona C-1 (Deputación da Coruña)	2,00 anos
	14,00 anos



**2.b.2) Encargado xeral de obras**

1-ALCOMTE	Inicio	Fin	Tempo
Desbroce de camiños para a prevención de incendios 2012 (Concello de Santiago de Compostela)	10/09/2012	10/11/2012	61 días
Desbroce e limpeza de terreo no Camiño de Santiago (S.A. de Xestión do Plan Xacobeo)	30/05/2012	30/10/2012	153 días
Conservación ordinaria y vialidade invernal - Coruña Sur 2013 (M <sup>a</sup> . del Pilar Botana García)	01/05/2013	31/12/2013	244 días
Conservación, mantemento e roza de Pistas de O Pino 2013 (Concello de O Pino)	30/05/2013	31/12/2013	215 días
Conservación, mantemento e roza de Pistas de O Pino 2014 (Concello de O Pino)	30/05/2014	31/12/2014	215 días
Conservación, mantemento e roza de Pistas de O Pino 2015 (Concello de O Pino)	30/05/2015	31/12/2015	215 días
Roza e limpeza de gabias nas pistas municipais de Santiago 2013 (Concello de Santiago de Compostela)	17/09/2013	03/10/2013	16 días
Roza e limpeza de gabias nas pistas municipais de Santiago 2014 (Concello de Santiago de Compostela)	20/06/2014	20/07/2014	30 días
Roza de viais municipais - Campaña outono 2015 (Concello de Santiago de Compostela)	22/10/2015	22/01/2016	92 días
Roza de parcelas municipais - Campaña outono 2015 (Concello de Santiago de Compostela)	14/10/2015	14/12/2015	61 días
Desbroce, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viario, carreiros fluviais e parcelas municipais no término municipal de Santiago de Compostela 2014 (OVIGA)	07/08/2014	07/08/2015	365 días
Desbroce de camiños no Concello de Órdenes (OVIGA)	01/03/2015	15/05/2015	75 días
Desbroce de gabias en Grupo 21 (Ames, A Baña, Negreira e Val do Dubra) da Deputación da Coruña (OVIGA)	03/08/2015	03/10/2015	61 días
Desbroce de gabias en Grupo 13 (Boimorto, Frades, Mesía, Ordes, Oroso e Vilasantar) da Deputación da Coruña (OVIGA)	03/08/2015	03/10/2015	61 días
			1.864 días
			5,11 anos

3-OVIGA	Inicio	Fin	Tempo
Conservación de vías principais 2005 Grupo 26: Ames, Santiago, Teo e Vedra 2005 (Deputación da Coruña)	20/07/2005	20/12/2005	153 días
Conservación Grupo 21: Ames, A Baña, Negreira e Val do Dubra 2006 (Deputación da Coruña)	12/07/2006	12/01/2007	184 días
Conservación Grupo 26: Ames, Santiago, Teo e Vedra 2006 (Deputación da Coruña)	12/07/2006	12/01/2007	184 días
Conservación Grupo 26: Ames, Santiago, Teo e Vedra 2012 (Deputación da Coruña)	22/08/2012	08/10/2013	412 días
Desbroce, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viario, carreiros fluviais e parcelas municipais no término municipal 2014 (Concello de Santiago de Compostela)	07/08/2014	06/08/2015	364 días
Conservación, mantemento e reparación de pavimentos en viais municipais no incluídos no ámbito da Cidade Histórica 2014 (Concello de Santiago de Compostela)	01/09/2014	10/03/2016	556 días
Limpeza e desbroce de pistas (Concello de Ordes)	12/03/2015	29/05/2015	78 días
Conservación Grupo 21: Ames, A Baña, Negreira e Val do Dubra 2015 (Deputación da Coruña)	03/07/2015	29/04/2016	301 días
Conservación Grupo 26: Ames, Santiago, Teo e Vedra 2015 (Deputación da Coruña)	06/07/2015	30/11/2015	147 días
			2.379 días
			6,52 anos

4-F. GÓMEZ	Tempo
Vialidade invernal e conservación ordinaria - Coruña norte (Axencia Galega de Infraestruturas)	1,00 anos
Conservación integral, vialidade invernal e rehabilitación de firmes na provincia da Coruña (CPTOPT)	5,00 anos
Reparación urgente de danos estradas provinciais: zona A-1 (Deputación da Coruña)	2,00 anos
Reparación urgente de danos estradas provinciais: zona A-2 (Deputación da Coruña)	2,00 anos
Reparación urgente de danos estradas provinciais: zona B-2 (Deputación da Coruña)	2,00 anos
Reparación urgente de danos estradas provinciais: zona C-1 (Deputación da Coruña)	2,00 anos
	14,00 anos



**PUNTUACIÓNS SOBRE Nº 2 (cláusula 13.3) EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN NON AVALIABLES EN FORMA DE CIFRAS OU PORCENTAXES (cláusula 10.3.2)**

CRITERIOS NON AVAILABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES	P <sub>máx</sub>	1-ALCOMTE			2-ARINES			3-OVIGA			4-F. GÓMEZ			5-MELCHOR		
		%	AT	P	%	AT	P	%	AT	P	%	AT	P	%	AT	P
<b>2.a) Medios materiais</b>																
2.a.1) Maquinaria, equipos de traballo, medios técnicos, instalacións, etc.	7,50	95%		7,13	40%		3,00	90%		6,75	70%		5,25	×		0,00
2.a.2) Materiais a utilizar nas tarefas do contrato	7,50	90%		6,75	20%		1,50	80%		6,00	30%		2,25	×		0,00
<b>2.b) Medios persoais</b>																
<b>2.b.1) Responsable Conservación e Mantemento</b>																
· Titulación universitaria acorde co obxecto do contrato	2,00		G.S.	2,00		G.S.	2,00		G.M.	1,00		G.S.	2,00		×	0,00
· Formación xefe COEX	3,00		Non	0,00		Non	0,00		Non	0,00		Si	3,00		×	0,00
· Experiencia superior a 4 anos	1,50		Non	0,00		Non	0,00		5,09	1,50		14,00	1,50		×	0,00
<b>2.b.2) Encargado xeral de obras</b>																
· Grado dedicación ao contrato (parcial con prioridade ou exclusiva)	2,00		E	2,00		E	2,00		E	2,00		E	2,00		×	0,00
· Formación encargado COEX	2,00		Non	0,00		Non	0,00		Non	0,00		Non	0,00		×	0,00
· Experiencia (superior a 5 anos e máximo 20 anos)	2,50		5,11	1,00		Non	0,00		6,52	1,10		14,00	1,90		×	0,00
<b>2.b.3) Técnico PRL e responsable SeS</b>																
· Formación técnico ou xefe COEX	2,00		Non	0,00		Non	0,00		Non	0,00		×	0,00		×	0,00
<b>2.c) Execución dos traballos</b>																
2.c.1) Operacións do Grupo I e operacións non programables do Grupo II	7,50	95%		7,13	5%		0,38	80%		6,00	30%		2,25	×		0,00
2.c.2) Operacións programables do Grupo II	7,50	85%		6,38	×		0,00	70%		5,25	20%		1,50	×		0,00
<b>TOTAL</b>	<b>45,00</b>			<b>32,39</b>			<b>8,88</b>			<b>29,60</b>			<b>21,65</b>			<b>0,00</b>

**Abreviaturas**

%: porcentaxe de puntuación asignado ao criterio de valoración  
 AT: datos da oferta segundo o criterio de valoración (ver análise técnico)  
 ×: documentación acreditativa non presentada ou non axustada ao PPTP  
 P: puntuación licitador en cada criterio de valoración  
 P<sub>máx</sub>: puntuación máxima criterios de valoración



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON1010MZ	<i>Expediente</i> CON/11/2016	

15078DCON1010MZ



### ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Prestación do servizo para desbroce, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viario, carreiros fluviais e parcelas municipais do termino municipal de Santiago de Compostela (2016).

**TIPO DE LICITACIÓN:** 181.818,18 euros máis IVE. **PROCEDIMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 19 de xullo de 2016, ás 9:50 horas.

#### **ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Rafael Peña Vidal.

**Vocais:** Dna. María Rozas, representante do grupo CA.

D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.

Dna. Inmaculada Viña Carregal, Interventora xeral Municipal.

D. Xaquín Monteagudo Romero, Director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Reiterase a ausencia nesta reunión dos representantes do grupo municipal socialista e do BNG polo risco xurídico que entenden que existe por unha posible incorrecta constitución da mesa, ó estar presente como membro obrigatorio e director da asesoría xurídica D. Xaquín Monteagudo Romero, que foi nomeado por un acordo de Xunta de Goberno Local do pasado 15 de xullo, que lles suscita dúbidas sobre a súa legalidade.

Iniciada a reunión, toma a palabra en primeiro término o representante do grupo municipal popular, D. Alejandro Sánchez Brunete, para deixar constancia da súa máis enérxica protesta sobre o feito de que, mentras se está a tramitar este procedemento competitivo, e cáseque no mesmo espazo temporal no que se estaba a redactar o informe "subxectivo" de valoración das ofertas presentadas, aprobábase un gasto para un contrato menor, adxudicando a súa execución a empresa ALCOMTE GALICIA, que precisamente era a que resultaba mellor valorada nese informe, calificando esta circunstancia, como mínimo, como pouco ética e colocando ós membros da mesa nunha incómoda posición.

Toma entón a palabra o concelleiro de medio rural, D. Rafael Peña, para sinalar que, efectivamente, ese gasto aprobouse para afrontar a situación de diversos desbroces de urxencia que resultaba necesario levar a cabo sen máis dilación polo risco de incendio propio da época estival na que nos atopamos, solicitando, aínda non sendo obrigatorio, ofertas a tres empresas, e resultando a máis favorable obxectivamente para o Concello a da empresa ALCOMTE, non tendo vinculación algunha co procedemento en curso e estando totalmente seguro da profesionalidade dos técnicos municipais redactores do informe mencionado.

A isto resposta o sr. Sánchez Brunete, que non poñendo en ningún caso en dúbida a profesionalidade dos técnicos municipais, e máis alá da posible irregularidade desta actuación, que podería entenderse como un fraccionamento de contrato, non considera razoable nin, insiste, ética, esta tramitación paralela dos dous procedementos.

A mesa de contratación procede, entón, á análise do informe relativo á documentación aportada para a xustificación da oferta económica anormal ou desproporcionada do licitador ALCOMTE GALICIA SL.

Sendo este informe favorable a aceptación da oferta, e, de conformidade con él, resulta, polo tanto, que quen acada a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas é o licitador ALCOMTE GALICIA SL.

En consecuencia, a mesa de contratación, **ACORDA:**



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CON10I0MZ	Expediente CON/11/2016	

15078DCON10I0MZ\



**PRIMEIRO:** Rexeitar a oferta presentada pola empresa SEANTO SL por non asinar debidamente a súa documentación de acordo co recollido no prego de cláusulas administrativas de aplicación, que no seu apartado 13.3. dispón:

*"Así mesmo, será motivo de **exclusión** da licitación, o feito de que a documentación incluída neste sobre non esté subscrita na súa totalidade polo licitador, ou non vaia acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. Esta deficiencia unicamente poderá ser subsana coa presenza do apoderado da empresa no acto público de apertura deste sobre".*


**SEGUNDO:** Trasladar ao Sr. Alcalde o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador **ALCOMTE GALICIA SL**, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta unha baixa do **30%** sobre o cadro de prezos de aplicación, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 10.05 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
O PRESIDENTE DA MESA**







CONCELLO DE  
SANTIAGO

**Expediente:** *Prestación do servizo para desbroce, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viario, carreiros fluviais e parcelas municipais do término municipal de Santiago de Compostela (2016)*

**Asunto:** *Determinación das ofertas económicas con valores anormais ou desproporcionados*

## INFORME TÉCNICO

### Obxecto

Redáctase o presente informe técnico para a determinación das ofertas económicas (sobre nº 3) con valores anormais ou desproporcionados do procedemento de contratación para a ***“Prestación do servizo para desbroce, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viario, carreiros fluviais e parcelas municipais do término municipal de Santiago de Compostela (2016)”***, de acordo co seu Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e coa documentación do expediente de referencia CON/11/2016.

### Apertura sobre nº 3

Con data 12/07/2016 celebrouse a reunión da mesa de contratación para a apertura do sobre nº 3 dos licitadores non excluídos ata dito momento.

Efectuada a mesma, non se detectaron incidencias que apuntar. En consecuencia, as ofertas económicas dos licitadores que continúan no procedemento foron:

Nº de orde	Licitador	Baixa
1	ALCOMTE GALICIA, S.L.	30,00%
2	ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	23,00%
3	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	22,50%
4	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	20,96%
5	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L.	28,51%

### Determinación ofertas económicas con valores anormais ou desproporcionados

A determinación das ofertas económicas con valores anormais ou desproporcionados realizase mediante o procedemento previsto na cláusula 10.3.1 do PCAP (páxinas 7 e 8):

1. Baixa media das ofertas económicas dos licitadores non excluídos despois da apertura das ofertas económicas (BM) ..... 24,994%
2. Límite ofertas económicas anormais ou desproporcionadas (BM+5) ..... 29,994%

A oferta presentada por ALCOMTE GALICIA, S.L. (30,00%) supera o límite establecido no PCAP (29,994%).


**Conclusión**

A vista do establecido no PCAP do procedemento de licitación, sométese a consideración da mesa de contratación a avaliación da oferta económica presentada por ALCOMTE GALICIA, S.L. en canto ao establecido no mesmo para as ofertas económicas con valores anormais ou desproporcionados.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2016

O Enxeñeiro de Camiños municipal,

Asdo.: Miguel Fernández Solís



CONCELLO DE  
SANTIAGO

**Expediente:** *Prestación do servizo para desbroce, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viario, carreiros fluviais e parcelas municipais do término municipal de Santiago de Compostela (2016)*

**Asunto:** *Análise documentación ALCOMTE GALICIA, S.L. xustificación oferta económica anormal ou desproporcionada*

---

## INFORME TÉCNICO

### Obxecto

Redáctase o presente informe técnico para o análise da documentación presentada por ALCOMTE GALICIA, S.L. para a xustificación da súa oferta económica presentada no procedemento de contratación para a ***“Prestación do servizo para desbroce, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viario, carreiros fluviais e parcelas municipais do término municipal de Santiago de Compostela (2016)”***, de acordo co seu Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP), co seu Prego de Prescricións Técnicas Particulares (PPTP) e coa documentación do expediente de referencia CON/11/2016.

### Antecedentes

Con data 12/07/2017 a mesa de contratación procedeu a apertura do sobre nº 3 dos licitadores non excluídos ata dito momento que contiñan as súas respectivas ofertas económicas. Trala aplicación do procedemento previsto na cláusula 10.3.1 do PCAP, resultou como límite para a consideración dunha oferta económica cun valor anormal ou desproporcionado o porcentaxe do 29,994%.

Na situación antedita encóntrase a oferta económica de ALCOMTE GALICIA, S.A., cun valor do 30,00%, polo que a mesa de contratación acordou requirirlle a xustificación da mesma.

Con data 13/07/2016, recibíuse do Negociado de Contratación de Obras e Servizos a documentación presentada a tal efecto por ALCOMTE GALICIA, S.L. (registro nº 34.933 de 13/07/2016).

### Análise técnico

Debido a natureza do contrato (prestación de servizos), ALCOMTE GALICIA, S.L. estrutura a xustificación da súa oferta económica mediante o balance anual entre os ingresos a percibir e os custos nos que incorre por desenvolver o mesmo.

#### 1. Ingresos a percibir

Segundo o previsto no PPTP do contrato, as obrigacións do adxudicatario e, polo tanto, a súa retribución mediante certificacións mensuais, clasifícanse nos seguintes grupos:



- Operacións do Grupo I

Son tarefas de prestación obrigatoria durante todo o prazo de duración do contrato, segundo as especificacións definidas no PPTP. O correspondente adxudicatario percibirá unha retribución fixa, en períodos mensuais, establecida no cadro de prezos do contrato e afectada pola baixa da súa oferta económica. En condicións normais do desenvolvemento do servizo constitúen a base de xestión do mesmo.

Segundo os cálculos presentados por ALCOMTE GALICIA, S.L. supón unha retribución anual de 12.726,00 €, aplicada a súa baixa de licitación.

- Operacións do Grupo II

Son tarefas de prestación a demanda por parte do Concello e cuxas condicións técnicas de execución e prezo unitario están definidos no PPTP. A súa retribución efectuarase mediante o cómputo das medicións realmente desenvolvidas para cada tarefa prevista ao prezo establecido para cada unha delas, afectado pola baixa da oferta económica do adxudicatario.

Ao tratarse de tarefas a demanda, a cuantificación previa non é posible. Neste caso ALCOMTE GALICIA, S.L. realiza una simulación da súa retribución seleccionando, segundo o obxecto principal do contrato, as tarefas que previsiblemente supoñerán a maior parte da carga de traballo e asignando unha estimación das súas medicións ata completar a retribución anual establecida para o contrato. Estas medicións serán utilizadas posteriormente para o cálculo dos custos da prestación do servizo.

Na súa simulación, as subdivide nas dúas tipoloxías previstas no PPTP. En primeiro lugar, as operacións de urxencia non programables e que ten relación coa atención a incidentes que esixan una actuación inmediata. En segundo lugar, as operacións programables que, por ser as actuacións ordinarias do contrato, constitúen a maior parte da prestación do servizo.

Segundo os cálculos presentados, coa súa baixa, por ALCOMTE GALICIA, S.L. supón unha retribución anual de 30.563,12 € + 138.529,06 € = 169.092,18 €.

Dista forma, a retribución base (sen I.V.E.) a percibir é de 12.726,00 € + 169.092,18 € = 181.818,18 €, que se corresponde co importe previsto para o contrato.

## 2. Previsión de custos

Para o cumprimento das obrigas previstas no PPTP do contrato e das previsións contidas na súa oferta (sobre nº 2), ALCOMTE GALICIA, S.L. realiza una estimación dos seus custos segundo a súa natureza:

- Custos fixos

Son custos derivados do cumprimento do contrato e independentes da variabilidade das tarefas a desenvolver. ALCOMTE GALICIA, S.L. determina que son os correspondentes ao persoal e os seus medios complementarios asignado á xestión do contrato en dedicación exclusiva ou parcial. Con respecto ao persoal previsto para a prestación do servizo, ten en consideración as determinacións definidas no PPTP e o proposto na súa oferta técnica (sobre nº 2), en canto a súa

cualificación profesional, número e dedicación ao contrato. Segundo os seus cálculos supón un custo anual de 87.750,00 €.

- Custos variables

Son custos orixinados pola realización de tarefas que non ten carácter fixo ou medición previa ou que non son realizadas polos recursos, con dedicación exclusiva ou parcial, asignados á xestión do servizo e que son computados como custos fixos. Segundo a documentación presentada por ALCOMTE GALICIA, S.L. os estima da seguinte forma:

- Operacións do Grupo I

As operacións dos subgrupos I.1, I.3 e I.4 son realizadas polos recursos, con dedicación exclusiva ou parcial, asignados á xestión do servizo e non ten establecido custos variables.

As operacións do subgrupo I.2 (atención a incidentes) non están determinadas a priori, polo que ALCOMTE GALICIA, S.L. realiza unha estimación anual do seu número, a súa importancia, os recursos a mobilizar e o seu custo.

Segundos os cálculos presentados supón un custo anual de 2.649,36 €.

- Operacións do Grupo II

Son tarefas de prestación a demanda por parte do Concello. Partindo dos datos da súa simulación da retribución (tipoloxía das tarefas e a súa medición), ALCOMTE GALICIA, S.L. realiza o cálculo do custo unitario de cada tarefa e, aplicando as medicións, a estimación do custo anual, resultando un custo de  $6.187,20 \text{ €} + 71.813,06 \text{ €} = 78.000,26 \text{ €}$ .

Disto forma, o importe anual estimado por ALCOMTE GALICIA, S.L. dos custos variables é de  $2.649,36 \text{ €} + 78.000,26 \text{ €} = 80.649,62 \text{ €}$ .

- Custos xerais e financeiros

Na súa documentación, ALCOMTE GALICIA, S.L. establece para estes custos un 5% sobre o importe dos custos fixos e variables, polo que o custo anual estimado é de 8.419,98 €

Polo tanto, a estimación efectuada por ALCOMTE GALICIA, S.L. dos custos pola prestación do servizo resulta ser un custo anual de  $87.750,00 \text{ €} + 80.649,62 \text{ €} + 8.419,98 \text{ €} = 176.819,60 \text{ €}$ .

### Balace da prestación do servizo

O balance anual da prestación do servizo estimado por ALCOMTE GALICIA, S.L. como resultado da comparación dos ingresos fronte aos custos resulta ser un importe de  $181.818,18 \text{ €} - 176.819,60 \text{ €} = 4.998,58 \text{ €}$ , sendo un 2,75% da retribución tipo anual máxima establecida para o contrato.



CONCELLO DE  
SANTIAGO

### Conclusións

A vista do PCAP e do PPTP do expediente de contratación e da documentación presentada por ALCOMTE GALICIA, S.L. na súa oferta técnica (sobre nº 2) e na xustificación da súa oferta económica, dende un punto de vista técnico, conclúese o seguinte:


- A estrutura de ingresos e de custos definida polo licitador na súa xustificación é compatible cos requirimentos do contrato de prestación de servizos e está coordinada coa súa oferta técnica.
- A estimación da tipoloxía e medición das tarefas a demanda para o cálculo da oferta económica é responsabilidade do licitador dentro do concepto de risco e ventura dos contratos públicos, se ben, os datos presentados na simulación son compatibles con obxecto xeral do contrato.
- A definición dos custos unitarios (persoal, tarefas a demanda, porcentaxes, etc.) é responsabilidade do licitador dentro do concepto de rendemento e competitividade da súa actividade empresarial, se ben, os datos presentados están dentro dos parámetros de mercado para este tipo de actuacións.
- O balance final da prestación de servizo é un obxectivo económico do licitador que queda fora do análise e valoración do presente informe, se ben resulta un valor non contraditorio coa definición propia dunha empresa establecida con ánimo de lucro.
- A diferenza entre a oferta económica presentada (30,00%) e o valor límite para a consideración dunha oferta económica como anormal ou desproporcionada (29,994%) e dun 0,006%. Dende un punto de vista da sustentabilidade técnica e económica da oferta esta diferenza resulta practicamente inapreciable.

Polo tanto, a vista do exposto, non se observan elementos significativos que permitan afirmar tecnicamente que a oferta económica presentada por ALCOMTE GALICIA, S.L. incorre na consideración de anormal ou desproporcionada e sométese a consideración da mesa de contratación a súa avaliación, propoñéndose a súa aceptación.

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2016

O Enxeñeiro de Camiños municipal,

Asdo: Miguel Fernández Solís





<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON10I0MZ	<i>Expediente</i> CON/11/2016	



### ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Prestación do servizo para desbroce, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viario, carreiros fluviais e parcelas municipais do termino municipal de Santiago de Compostela (2016).

**TIPO DE LICITACIÓN:** 181.818,18 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, 28 de xullo de 2016, ás 9:35 horas.

#### **ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Rafael Peña Vidal

**Vocais:** D. Manuel Dios, representante do grupo CA.  
D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.  
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.  
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, **ALCOMTE GALICIA SL**, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 9:42 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
O PRESIDENTE DA MESA**

**O SECRETARIO DA MESA**

